


Cine, Música e Lectura Nadal 2011 - Biblioteca IES de Vilalonga



Ladrón de bicicletas. Vittorio de Sica.
Drama.

Cando a bicicleta é máis que un pasatempo, é un medio de transporte, un instrumento de traballo. Un filme necesario é esta obra que non deixa títere con cabeza no paso do Neorealismo ao Simbolismo. Moi moderna neste intre!



Bicicleta, culler, mazá. Carles Bosch.

Documental. Un documental casi perfecto ao que se presta Pacual Maragall logo de lle ser diagnosticado Alzheimer. Maragall, noutro tempo sensible, intelixente, xeneroso e visionario alcalde de Barcelona, e máis tarde presidente da Generalitat de Catalunya, non decepciona. É toda unha lección. Os buratos negros que ameazán varrer o seu "coco", serán unha rebelión contra tanto pitufo desleigado que pretende facerse co noso descaradamente?

desta crise financeira global, ás súas artimañas e consecuencias. Interesante traballo de investigación.



La dolce vita. Federico Fellini.

Drama. En Roma vívese esta historia coral por onde van desfilando, a través da mirada simbolista de Fellini, tódalas desmesuras, tódolos tópicos da Italia dos anos sesenta.



Don Quixote. M. Gutiérrez Aragón.
Drama / comedia. Excelente feitura inacabada dun clásico da literatura española, 1ª parte, cun reparto de excepción.




Luz silenciosa. Carlos Reygadas.

Drama. Filme primoroso e orixinal creado por este xove director mexicano, que un día penetra nunha comunidade menonita do norte de México, transforma á súa xente en actores e con delicadeza móstranos que sucede dentro. Reygadas triunfa tamén en Francia. Alí é moi premiado e tamén ben considerado por Les cahiers de cinéma.



A rede social. David Fincher. Unha historia do noso tempo con moito éxito.




Crebinsky. Enrique Otero. Comedia / drama. Comedia surrealista ou do Realismo máxico galego. Dous homes e unha vaca que viven de... De que viven? Hai que vela, nono imaxinas. Foi moi ben acollida pola crítica.




Berrogüetto. O pulso da terra. Berrogüetto / Fernando Neira.

Galaxia. Biografía e música. Un libro de vida e música do prestixioso grupo galego de folk, coñecido e premiado internacionalmente, dos últimos quince anos. Contén DVD en concerto / CD. Unha xoia de traballo.



A árbore dos zocos. Ermanno Olmi.
Drama. Unha película do Neorealismo italiano, esta vez desde a vida rural. Tamén é unha fermosa obra necesaria de xoves e para xoves



Inside Job. Charles Ferguson.
Crímen-Documental. A primeira película que pon nome aos causantes

Cine

Música


Cómic




Sofía e o negro (La jeune fille et le nègre). Judith vanistendael. Cómico. Norma. O amor non ten fronteiras pero a plusvalía ponllas, e África ten moitas e por catálogo. Unha fermosa historia que pode ser a túa: o mundo é cada vez máis ancho, pero menos alleo.




Axencia de viaxes Lemming. José Carlos Fernandes. Cómico. Astiberri. Unha viaxe surrealista para perderse entre Borges e Calvino. Unha beleza de tebeo.




O carro de ferro. Jason. Cómico. Astiberri. Boa adaptación da novela policial e de misterio noruega de Stein Ríverton, un clásico nórdico.



A man do diaño. Brais Rodríguez. Cómico. Demo. Un tebeo ben feitiño, de máis iconas que texto verbal, ambiente rural e contido pacifista. Gañador do "Premio Castelaio 2010".




Me acuerdo. Beirut. Zeina Abirached. Cómico. Sins entido. A autora reconstrúe o pasado e presente en Beirut (Libano), que abandona no 2006, cos recordos de infancia e adolescencia e os SMS enviados pola súa nai. Libro denso de afectos, saudades e humor cos que seguramente as libanesas sobreviven a tanta guerra e destrución.



Fats Waller. Igor / Sampayo. Cómico. Sins entido. Trátase da vida de Thomas Fats Waller, un xenio da creación artística e musical en América (jazz e comedias musicais) nos anos 20 e 30, xusto cando Europa se afundía. Non o perdas.



Caderno de viaxe. Craig Thompdon. Cómico. Astiberri. É o sinxelo pero interesante caderno de viaxe dun artista errante.




A bambina filosofica. Anatomía dunha ruína. Vanna Vinci. Cómico. Planeta. Din dela que é a Mafalda do s. XXI, e que non fala coma unha


avoa senón coma unha moza de trinta anos. É moi moderna e moi intelectual. Ide aprendendo, ir de ignorante pode xa non estar de moda.



Amores fráxiles (Amours fragiles). Philippe Richelle / Jean-Michel Beuriot. Cómico. Rossell. É o primeiro libro, de tres, publicado en España. Trátase dunha novela gráfica histórica de gran calidade e enorme beleza; valioso texto e ilustracións delicadas e sedosas, perfectamente ambientado na Europa dos anos trinta. Outro libro para a RESISTENCIA.



Dublinés. A. Zapico. Cómico. Astiberri. Coidada novela gráfica que nos achega á personalidade de James Joyce, autor do Ulises.




O paraíso de Zahra (Zahra's paradise). Amir & Khalil. Cómico. Planeta. Irán hoxe: os disidentes desaparecen.






Para hacer o retrato dun paxaro. Jacques Prévert / Mordicai Gerstein. Fábula poetizada. Fatoría K de Libros. "Píntar tamén a verde follaxe / e o frescor do vento / a poeira do sol / e o zoar dos insectos na calor do verán,..." E podedes escoitar tamén As follas mortas, do mesmo autor, interpretado por Yves Montand: Yves Montand - Les Feuilles Mortes - YouTube



Garra de la guerra. Gloria Fuertes. Poesía. Media Vaca. bonito libro de poemas en contra das guerras. "Aquí, donde la atómica ise venden gafas para picar cebolla"




Panamá ou as aventuras dos meus sete tíos. Blaise Cendrars / Fabio Zimbres. Poema narrativo. Media Vaca. Bilingüe (francés / español). Lindo libro multidisciplinar.




Huerto del limonar. Poetas del 27. Antoloxía. Poesía. Ana Pelegrín / R. Vivas. Edelvives.

Poesía


Narrativa




O grito. Antonio Montes. Novela. Siruela. A morte dunha anciá, entre humor negro á ternura. Dille o alcalde á familia "A seguir ben, espero poder vervos antes de vos ir". Enrique Vila Matas: "Fantástica novela"



Faládelles de batallas, de reis e de elefantes. Mathias Enard. Novela histórica. Mondadori. Encontro co Renacemento e a beleza, con Miguel Ángel Buonarroti camiño de Constantinopla...Un libro moi recomendable.



O día de mañá. Ignacio Martínez del Pisón. Novela. Seix Barral. Sempre dá gusto atoparse con este autor, e esta é unha das súas novelas máis ben feitas sobre un tema non grato: a Brigada Social ou policía política do franquismo.



Verán e amor. William Trevor. Novela. Salamandra. Historia de

amor, soños e paixóns narrada deliciosamente por este xa clásico creador irlandés de Cork, que harmoniza na súa mirada a auga, o campo, a arte e cultura de cada recanto deste condado do sur.




As cen voces do diablo. Ana Cabrera Vivanco. Novela. Grijalbo. "Había vivido su muerte tantas noches en los delirios del sueño que, el día que lo lincharon en la plaza de la iglesia, pensó que lo que estaba viviendo no era más que otra de sus pesadillas." Un barco que navegara buscando esta explosión de cor, luz e delirio só atracaría no Caribe.



Nenos no seu Aniversario. T. Capote.

Nórdicalibros. Relato sorprendente para adolescentes

Lavinia. George Sand. Novela. Purférica.



Fermosa noveliña romántica.



Purga. Sofi Oksanen. Novela. Salamandra. A narradora finlandesa lévanos ao Báltico, onde ambienta esta historia de mulleres realista e dura.




A moza con pés de cristal. Ali Shaw. Novela. Salamandra. Unha historia

como nos contos maravillosos: mestura de realidade e fantasía. unha fábula sobre o amor, fermosa e moi triste. Metamorfose e perda, coma na Sereína, que é a mellor de todas.



Kira-Kira. Cynthia Kadohata. Novela. Everest. Esta autora de orixe xaponés, asentada en América, escribe sobre a propia experiencia de cidadana do mundo.




As viaxes. Emily Nudd M. Ilustrado. Demipage. Senegal, Yemen, Exipto e Turquía en acuarelas e fermosos textos.

Le este libriño, cando teñas tempo.



Cando partín unha mañá de verán.


Laurie Lee. Viaxes. Trifolium.




Luz de tebra. Á. Vázquez de la Cruz. Relatos. Xerais. É unha resta de contos que bebe na tradición dos mellores narradores galegos do s. XX, nos clásicos.



Contos terroríficos do vello continente. Relatos. Clan. 13 relatos, desde Maupassant ata R. L. Stevenson, reunidos nun bonito libro.



Historia de la ciencia sin los trozos aburridos. Curiosidades y locos experimentos. Ian Crofton. Ariel. Sorprende e sorpréndete con este libro, e se non queres nono leas, ti verás...




Mister cuadrado. Un recorrido polo sorprendente mundo da xeometría. Anna Cesaroli. Maeva. Xeometría con imaxinación.



Vitaminas para o cerebro nivel 2. AA VV. La Galera. Xogos para o razoamento lóxico, cálculo mental, percepción visual e espacial, comprensión lectora e solucións.




Vitaminas para o cerebro nivel 3. AA VV. La Galera. Xogos para o razoamento lóxico, cálculo mental, percepción visual e espacial, comprensión lectora. E solucións.



Dixénes. Pablo Albo. Kalandraka



Pulgastel. E. Baamonde. Everest



Xenes, microbios e células. Javier Novo. RBA. Un libro de aventuras e viaxes polas descubertas da ciencia contemporánea máis fascinante.



Nada será como antes. Sobre o movemento 15-M. Carlos Taibo. Ensaio. Catarata.